

Resolución do 26 de novembro de 2025 pola que se convocan axudas de mobilidade dentro do Programa Erasmus+ para o estudiantado de grao, programa de simultaneidade (dobre grao) e máster universitario de máis de 60 créditos ECTS da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o curso 2026-2027

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) convoca para o curso académico 2026-2027 axudas de mobilidade para diversas universidades europeas ao abeiro do Programa Erasmus+ dirixidas ao estudiantado da USC matriculado nun grao, nun programa de simultaneidade (dobre grao) ou nun máster universitario de máis de 60 créditos ECTS.

De conformidade co art. 33 da Lei 39/2015, a esta convocatoria aplicaráselle o procedemento de tramitación de urxencia, quedando reducidos á metade os prazos ordinarios, excepto no caso das solicitudes e os recursos.

Esta convocatoria está suxeita á normativa do Programa Erasmus+ establecida polo *Servicio Español para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE), ao Regulamento de Mobilidade da USC aprobado en Consello de Goberno o 23 de xullo de 2025 (DOG de 8 de outubro de 2025) e ás seguintes bases reguladoras:

PRIMEIRA: OBXECTO, FINALIDADE E CONDICIÓNS

1.1. O **obxecto** da presente convocatoria é establecer as bases reguladoras do proceso de concesión de axudas de mobilidade ao abeiro do Programa Erasmus+ destinadas ao estudiantado da USC de grao, de programas de simultaneidade e de másteres universitarios de máis de 60 ECTS durante o curso 2026-2027.

1.2. A **finalidade** das axudas é ofrecer ao estudiantado da USC a posibilidade de realizar estudos nas diversas universidades participantes no Programa Erasmus+ situadas en países da UE, en países asociados ao Programa (Turquía, Noruega), no Reino Unido e en Suíza coas que a USC teña subscrito o debido contrato institucional de intercambio, recollidas no Anexo I desta convocatoria. En ningún caso se poderán conceder ao abeiro desta convocatoria axudas de mobilidade en institucións distintas ás recollidas neste anexo. Por outra banda, o estudiantado só poderá realizar a súa mobilidade nalgunha das prazas coordinadas polo seu centro. O estudiantado de máster universitario só poderá optar ás prazas ofertadas especificamente para o seu máster.

1.3. O estudiantado matriculado nun programa de simultaneidade de estudos será asignado por defecto ao centro coordinador do devandito programa e poderá optar aos destinos que oferte ese centro. Isto non obstante, durante o período de emenda de solicitudes, este estudiantado poderá solicitar á Oficina de Mobilidade que o asigne ao outro centro que intervéñ na simultaneidade, podendo deste xeito optar só as prazas deste segundo centro. Polo tanto, o estudiantado de programas de simultaneidade terá que optar, antes da adxudicación de destinos, ben polos destinos do centro coordinador do programa de simultaneidade de estudos, ou ben polos destinos do segundo centro que intervéñ no programa.

1.4. Os estudos realizados na universidade de acollida serán plenamente recoñecidos pola USC de conformidade co establecido no acordo de estudos e pasarán a formar parte do expediente académico do estudiantado na USC. O **recoñecemento** só se denegará se o estudiantado non acadara o nivel requirido na institución de acollida ou non cumpre, por outros motivos, as condicións esixidas polas institucións

participantes para obter o pleno recoñecemento. O período de estudos no estranxeiro deberá formar parte integral do programa de estudos da USC.

1.5. Duración da mobilidade: A duración das mobilidades está determinada nos acordos interinstitucionais asinados pola USC coas universidades socias. As prazas poden ser para un curso académico completo (indicadas no Anexo I como prazas de 9 meses) ou para un semestre (indicadas no Anexo como prazas de 5 meses). O estudantado seleccionado para unha praza anual poderá aceptar a súa praza por un ou dous semestres, mentres que o seleccionado para prazas semestrais só poderá aceptar a súa praza por un único semestre.

1.5.1. O Programa Erasmus+ permite realizar máis dunha mobilidade Erasmus+ (tanto de estudos como de prácticas) ao longo de cada nivel educativo (grao, máster universitario e doutoramento) ata un máximo de 24 meses nas titulacións de grao en Medicina, Odontoloxía, Farmacia e Veterinaria e de 12 meses no resto de titulacións impartidas pola USC. A efectos prácticos, ao estudantado de Medicina, Odontoloxía, Farmacia e Veterinaria permíteselles realizar 4 semestres (consecutivos ou non) de mobilidade Erasmus+ durante o grao. O resto do estudantado de grao só poderá realizar un máximo de 2 semestres (consecutivos ou non) de mobilidade Erasmus+. O estudantado tamén estará suxeito ás limitacións establecidas no seu plan de estudos, á normativa de permanencia e ao resto de normativa aplicable.

1.5.2 A mobilidade terá que estar finalizada en todo caso antes do 30 setembro de 2027.

1.5.3. Ampliación de estadía: O estudantado que teña concedida unha mobilidade para o primeiro semestre poderá solicitar unha ampliación da súa estadía a un curso completo unha vez iniciada a mobilidade. As mobilidades semestrais realizadas no segundo semestre non poderán ser ampliadas ao seguinte curso académico. Para solicitar esta ampliación a persoa interesada deberá recibir o consentimento por escrito do/a Coordinador/a Académico/a de Mobilidade da USC (en adiante CAM) e da universidade de acollida no formulario dispoñible para estes efectos. O estudantado interesado deberá remitir o formulario asinado por ambas partes á Oficina de Mobilidade cun mínimo dun mes de antelación á data de fin de estadía inicialmente prevista. A Oficina de Mobilidade devolveralle unha copia asinada do documento de modificación de duración da estadía, confirmando a ampliación, de ser o caso. Unha vez concedida a ampliación, o estudantado deberá tramitar cambios ao acordo de estudos para incluír nel as materias que cursará na universidade de acollida no segundo semestre, tendo en conta os requirimentos en canto ao máximo e o mínimo de créditos para mobilidades anuais recollidas nas bases 10.7 e 11.3. Dependendo da dispoñibilidade orzamentaria, a USC resérvase o dereito a ampliar tamén a contía da axuda. Non obstante, non se garante este extremo.

1.5.4. Redución de estadía: O estudantado que teña concedida unha mobilidade anual poderá reducir a duración da mesma por motivos académicos ou doutro tipo, ben no momento de aceptar a súa praza, ben posteriormente, empregando o formulario dispoñible para estes efectos. O estudantado afectado deberá informar ao/á CAM da redución da estadía e, posteriormente, tramitar cambios ao seu acordo de estudos e adecuar a súa matrícula na USC ao novo período de mobilidade.

SEGUNDA: REQUISITOS XERAIS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA

2.1. Nesta convocatoria poderá participar o estudantado matriculado na USC no curso 2025-2026 na data de fin de solicitudes para realizar estudos oficiais de grao, programa de simultaneidade ou másteres universitarios de máis de 60 créditos ECTS. O estudantado seleccionado para unha mobilidade deberá formalizar matrícula na USC na mesma titulación no curso 2026-2027.

2.2. Exclúese expresamente ao estudiantado de másteres de 60 ECTS e de programas de doutoramento, así como ao estudiantado que finalice algunha das titulacións do parágrafo anterior no curso 2025-2026.

2.3. Tamén queda excluído da convocatoria o estudiantado matriculado na USC como visitante ou en virtude de convenios ou programas de mobilidade.

2.4. No caso das titulacións de grao, será necesario para participar na convocatoria ter superado o 15% dos créditos do título. Este requisito deberá cumprirse con data 31/10/2025. Os créditos superados no curso 2025-2026 non entrarán no cómputo.

Considerarase que o estudiantado que teña solicitado recoñecemento de créditos cumpre este requisito se na data de peche da convocatoria figuran como superados no seu expediente académico como mínimo o 15% dos créditos da titulación.

O requisito de ter superado o 15% dos créditos non será de aplicación para o estudiantado que inicie unha segunda titulación da mesmo ámbito de coñecemento ou afín á que rematou o curso anterior. Así, por exemplo, non rexerá este mínimo naqueles casos en que o/a estudante teña superado previamente un *minor* e estea a cursar un *maior* dunha titulación de grao.

2.5. As persoas con nacionalidade distinta da española deberán contar cun Número de Identificación de Estranxeiros (NIE), que lles será requirido pola Oficina de Mobilidade no seu momento.

2.6. O estudiantado deberá acreditar, antes do remate do prazo de solicitude, o coñecemento da lingua indicada no Anexo I para cada universidade de acollida, que poderá ser alemán, francés, inglés, italiano ou portugués. O nivel mínimo esixido a todas as persoas solicitantes será o B1 do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MCER). Non obstante, certas universidades de destino poden esixirlles ás persoas candidatas un nivel de idioma superior ou incluso telo acreditado cun certificado ou diploma oficial específico. As prazas para as que no Anexo I se esixe un nivel superior a B1 só poderán ser asignadas a estudiantado que acredite ese nivel coa súa solicitude.

2.7. Para poder participar na convocatoria, admitiranse como títulos oficiais acreditativos do nivel de idioma os recollidos na listaxe de títulos e certificados que figuran no Anexo II da convocatoria. O estudiantado deberá cargar ditos certificados na súa solicitude en liña seguindo as instrucións facilitadas nas distintas pantallas. Os certificados orixinais en papel poderán ser requiridos pola Oficina de Mobilidade en calquera fase do procedemento.

2.8. Como alternativa aos títulos anteriores, poderase acreditar o nivel de lingua mediante a superación da Parte A do nivel B1 (B1.A), B2 (B2.A) ou C1 (C1.A) das probas do Centro de Linguas Modernas (CLM), facéndoo constar no apartado correspondente na solicitude en liña. Para acreditar o nivel para esta convocatoria só se terán en conta as probas do CLM realizadas ata a data de peche da mesma. Os resultados serán comunicados directamente polo CLM á Oficina de Mobilidade.

2.9. Non se esixirá acreditar o nivel de idioma a:

- i) Aquelas persoas que teñan como lingua materna a esixida para a universidade na que desexan realizar a mobilidade. Esta circunstancia deberase indicar e acreditar no momento de realizar a solicitude mediante unha copia do pasaporte ou da tarxeta de identidade estranxeira.
- ii) O estudiantado das titulacións recollidas na Resolución Reitoral de 02/03/2023 que teña superadas as materias ou módulos necesarios para que se lles recoñeza o nivel B1, B2, C1 ou C2. Esta Resolución Reitoral está dispoñible en: <https://minerva.usc.es/entities/publication/1cf922e2-aa8a-4bd4-a791-3797d334038c>.

- iii) O estudiantado das diferentes titulacións filolóxicas que opte a prazas en universidades nas que a lingua de instrución coincida coa dos seus estudos e que teña aprobado un mínimo de 12 créditos en materias da lingua instrumental.

2.10. Corresponderá ás comisións de asignación dos centros comprobar que as persoas candidatas teñen superadas as materias necesarias para poder aplicarles algunha das exencións recollidas nas bases 2.9.ii) e 2.9.iii).

2.11. Os requisitos xerais e lingüísticos para participar na convocatoria deben posuírse no momento que expire o prazo de presentación de solicitudes e deben manterse durante todo o tempo que dure o período de mobilidade.

2.12. Serán excluídas de oficio as candidaturas do estudiantado que:

- i) Non presentase en prazo ou forma a súa aceptación ou renuncia formal ou renunciaran sen causa xustificada fóra de prazo en anteriores convocatorias de mobilidade da Oficina de Mobilidade para o mesmo ciclo de estudos.
- ii) Incorre en incumprimento grave dalgunha das condicións da mobilidade, tanto con respecto á universidade de orixe como á de destino.
- iii) Teña realizado unha ou varias mobilidades Erasmus+ de duración total superior a 19 meses no caso dos graos en Medicina, Odontoloxía, Farmacia e Veterinaria e superior a 7 meses no resto das titulacións. Nos casos nos que o estudiantado solicitante estea realizando ou vaia realizar unha mobilidade Erasmus+ no curso académico 2025-2026, condicionarase a concesión da nova mobilidade á duración da estadía no presente curso.

TERCEIRA: AXUDAS ECONÓMICAS

3.1. Axudas da UE

3.1.1. A concesión dunha mobilidade Erasmus+ non implica automaticamente ter dereito a unha axuda económica. En todo caso, a concesión da axuda económica de mobilidade dependerá da asignación orzamentaria concedida á USC pola Comisión Europea a través do SEPIE, posterior á publicación e resolución da presente convocatoria.

3.1.2. A Comisión Europea pode variar as condicións económicas e a distribución de países nas súas convocatorias anuais, sendo a publicación das condicións posterior á da presente convocatoria. Só a título informativo recóllese nos apartados 3.1.3 e 3.1.4 as condicións de financiamento recollidas na convocatoria de mobilidade para o curso 2025-2026.

3.1.3. As axudas asignadas contan con dúas compoñentes: apoio individual e axuda de viaxe. A contía do **apoyo individual**, consonte a táboa seguinte, vai parella ao período de mobilidade, ao país de destino e ao feito de cumprir ou non algún dos requisitos para ser considerado estudiantado con menos oportunidades, segundo as condicións recollidas no punto 3.1.5. Trátase dunha cantidade fixa por número de meses de mobilidade, ata un máximo de meses (9 ou 5 para curso completo ou un semestre, respectivamente) que se determina no momento de asinar o convenio financeiro dependendo da dispoñibilidade orzamentaria, salvo para o estudiantado de menos oportunidades, que recibirá o importe pola duración total da mobilidade. As axudas son aboadas na modalidade de prefinanciamento ao inicio da actividade coas datas previstas, aínda que a determinación final do período de mobilidade se realiza

en base ao certificado de fin de estadia emitido pola universidade de acollida ao final da mobilidade. Se finalmente o período de mobilidade é menor á asignación prevista, o/a estudante deberá devolver a parte proporcional da axuda económica recibida.

Táboa de apoio individual da UE (Máx. 9 meses)		
GRUPO DE PAÍSES DE DESTINO	Axuda ordinaria	Axuda para estudiantado de menos oportunidades
GRUPO 1: Alemaña, Austria, Bélxica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Países Baixos, Reino Unido, Suecia e Suíza	350 €/mes 1 semestre (5m): 1.750 € Curso completo (9m): 3.150 €	600 €/mes 1 semestre (5m): 3.000 € Curso completo (9m): 5.400 €
GRUPO 2: Chequia, Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Grecia, Letonia, Malta, Portugal	300 €/mes 1 semestre (5m): 1.500 € Curso completo (9m): 2.700 €	550 €/mes 1 semestre (5m): 2.750 € Curso completo (9m): 4.950 €
GRUPO 3: Bulgaria, Croacia, Hungría, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, Romanía, Serbia, Turquía	250 €/mes 1 semestre (5m): 1.250 € Curso completo (9m): 2.250 €	500 €/mes 1 semestre (5m): 2.500 € Curso completo (9m): 4.500 €

3.1.4. A contribución para a **axuda de viaxe** está baseada na distancia entre o lugar de estudo na USC (Santiago de Compostela ou Lugo) e o lugar no que se desenvolva a mobilidade na universidade de destino, calculada coa ferramenta de medida de distancias da Comisión Europea para a mobilidade Erasmus+: http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm. As persoas beneficiarias que realicen a totalidade da viaxe tanto de incorporación á universidade de acollida como a viaxe de regreso en transporte ecolóxico (é dicir, nun medio de transporte público e colectivo, agás o avión) recibirán unha axuda de viaxe adicional.

Distancia	Viaxe estándar (por participante)	Viaxe ecolóxica
Entre 10 e 99 km	28 €	56 €
Entre 100 e 499 km	211 €	285 €
Entre 500 e 1.999 km	309 €	417 €
Entre 2.000 e 2.999 km	395 €	535 €
Entre 3.000 e 3.999 km	580 €	785 €
Entre 4.000 e 7.999 km	1.188 €	1.188 €
8.000 km ou máis	1.735 €	1.735 €

3.1.5. Terá a consideración de estudiantado de menos oportunidades o que se atope nalguna das situacións seguintes durante o período de mobilidade:

- i) Ter sido beneficiario/a dunha bolsa de estudos de carácter xeral do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes para realizar estudos universitarios no curso 2025-2026 ou no 2026-2027.

- ii) Percibir a unidade familiar unha prestación de Ingreso Mínimo Vital / Renda Mínima de Inserción o calquera outra prestación de igual ou similar natureza, segundo a denominación adoptada en cada Comunidade Autónoma.
- iii) Pertencer a unha familia numerosa ou monoparental ou estar en situación de orfandade.
- iv) Ter a condición de refuxiado/a ou ter dereito á protección subsidiaria ou ben ter presentada a solicitude de protección internacional en España.
- v) Ter recoñecida legalmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento. Ademais, este estudiantado poderá recibir axudas superiores para cubrir gastos adicionais de apoio á inclusión do Programa Erasmus+.

3.1.6. Esta axuda da UE non terá que ser solicitada polo/a estudante, senón que a USC, como entidade colaboradora, aboaraa ao estudiantado segundo a dispoñibilidade orzamentaria.

3.2. Axudas da Xunta de Galicia

De xeito complementario ás axudas da UE, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia pode conceder axudas económicas ao estudiantado de calquera das universidades desta comunidade autónoma que teñan concedida unha axuda Erasmus+. Ata a actualidade, a Consellería excluía destas axudas ao estudiantado de máster universitario e a aquel que xa tivese obtido esta axuda en cursos anteriores, así como ao que realizase a súa mobilidade a un país que non pertencese ao Programa ou aos seus países asociados. A Oficina de Mobilidade informará puntualmente ao estudiantado Erasmus+ da publicación destas axudas, que deben ser solicitadas directamente pola persoa interesada á Consellería, conforme o procedemento establecido nas bases da convocatoria.

3.3. Axudas do Banco Santander

O estudiantado seleccionado para realizar unha mobilidade Erasmus+ no curso 2026-2027 poderá optar ás axudas complementarias convocadas polo Banco Santander. Para iso deberá formalizar a súa solicitude a través da plataforma de axudas de dita entidade segundo se indique na convocatoria específica para a súa concesión. Trátase dunha axuda competitiva que será outorgada a un número limitado de estudantes, baseando a concesión na cualificación media do seu expediente académico. O estudiantado seleccionado para realizar unha mobilidade Erasmus+ será informado no seu momento dos trámites necesarios para formalizar a solicitude desta axuda.

3.4. Programa Suízo de Mobilidade Europea (*Swiss European Mobility Programme, SEMP*)

3.4.1. O estudiantado seleccionado para realizar unha mobilidade nunha universidade de Suíza pode participar, de ofrecerlo a súa universidade de destino, no Programa de Mobilidade Europea establecido polo Goberno suízo e xestionado pola Axencia Nacional de mobilidade suíza Movetia: <https://movetia.ch/en/funding-opportunities/student-exchange>. De acollerse a este programa, o/a estudante deberá renunciar á mobilidade Erasmus+ e realizar a súa mobilidade ao abeiro dos convenios bilaterais vixentes entre a USC e as universidades suízas. Nese caso, o/a estudante quedaría suxeito/a ás condicións do SEMP e a todas as disposicións da presente convocatoria que rexen a mobilidade, agás aquelas referidas ao período máximo total de meses de Erasmus+ por ciclo, o uso do *Online*

Language Support (OLS) e á esixencia de completar o informe final da plataforma da Comisión Europea (*EU Survey*).

3.4.2. O estudantado que opte por este Programa non terá a consideración de estudantado Erasmus+.

3.5. O estudantado seleccionado que posúa axudas ou préstamos de carácter nacional, seguirá percibíndoos na súa totalidade durante o período de estudos no estranxeiro, agás que a convocatoria da axuda da que se trate estableza a súa incompatibilidade.

3.6. A USC, como mera entidade colaboradora, non garante a existencia nin determina as contías nin a duración das axudas recollidas nos parágrafos anteriores. Estas son mencionadas a efectos informativos e, en ningún caso, comprometerán legalmente á USC. A USC tampouco será responsable dos danos ocasionados e débedas contraídas polo/a estudante durante o período da súa mobilidade.

CUARTA: SOLICITUDES

4.1. As solicitudes deberán realizarse en liña, a través da Secretaría Virtual do estudantado (<https://sec-virtual.usc.es/Secretaria/>), desde o **día 27 de novembro (00:00h) até o 22 de decembro de 2025 (23:59h)**.

4.2. Na solicitude, as persoas candidatas farán constar os idiomas que acreditan e o código IBAN da conta bancaria na que desexan recibir a axuda da UE. Esta conta deberá ser dunha entidade bancaria radicada en territorio español e a persoa interesada deberá ser titular da mesma.

4.3. O estudantado ten a obriga de cargar na solicitude en liña toda a documentación requirida (documentos escaneados en formato PDF, RTF, DOC, DOCX, ODT ou JPG; Peso máximo 1 MB):

- i) Certificacións ou títulos que acrediten o coñecemento de linguas estranxeiras (nivel B1 ou superior, de ser o caso).
- ii) Documento que acredite a nacionalidade do país de acollida para os efectos da exención da acreditación do coñecemento de idioma segundo o indicado na base 2.9.

4.4. Nos casos nos que, por motivos técnicos imputables á USC, non sexa posible realizar a solicitude en prazo a través da Secretaría Virtual, a persoa afectada deberá presentar un escrito no Rexistro Electrónico da USC (<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/rexistroElectronico.htm?execution=e2s1>) dirixido á Oficina de Mobilidade indicando esta circunstancia. De non presentar este escrito dentro do prazo de solicitude, a candidatura non será admitida ao proceso de selección.

4.5. As resolucións e os actos derivados da presente convocatoria publicaranse no Taboleiro da Sede Electrónica da USC. A información xeral poderá consultarse a través do apartado correspondente da web da USC Internacional <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/internacional/mobilidade-estudantes/erasmus-saintes>.

4.6. A presentación de solicitudes supón a aceptación das bases da presente convocatoria.

QUINTA: PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN: PRIMEIRA FASE - ELIXIBILIDADE

5.1. O procedemento de selección estrutúrase en dúas fases. Nunha primeira fase comprobarase a elixibilidade das persoas candidatas para verificar que cumpren os requisitos para poder participar na convocatoria.

5.2. O estudantado que na súa solicitude non achegue a documentación esixida será excluído na listaxe provisional de candidaturas admitidas ao proceso de selección. Non obstante, disporá dun prazo de 5 días hábiles a partir do día seguinte á publicación da listaxe provisional para emendar a súa solicitude achegando os documentos á Oficina de Mobilidade a través do Rexistro Electrónico da USC (<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/rexistroElectronico.htm?execution=e2s1>).

5.3. O estudantado de programas de simultaneidade de estudos que desexe ser asignado ao segundo centro que intervéñ no programa en lugar de ao centro coordinador disporá do mesmo prazo de 5 días hábiles para comunicar á Oficina de Mobilidade esta circunstancia a través do Rexistro Electrónico da USC.

5.4. Transcorridos os 5 días de prazo de presentación de emendas, publicarase a listaxe definitiva de persoas candidatas admitidas e excluídas.

SEXTA: PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN: SEGUNDA FASE - ASIGNACIÓN DE DESTINOS

6.1. Nunha segunda fase, os centros asignarán ao estudantado solicitante un destino en virtude dun procedemento público de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. Nesta fase terase en conta, polo menos, o expediente académico, os coñecementos lingüísticos acreditados e a adecuación ao programa ou convenio de intercambio, así como a condición de estudante con discapacidade.

6.2. Reservarase un 5% do total das prazas dispoñibles en cada centro para o estudantado cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 por cento, que terá prioridade para a escolla de destino. A discapacidade deberá acreditarse no momento da solicitude e para isto o estudantado deberá, ademais de realizar a solicitude a través da Secretaría Virtual, enviar a erasmus@usc.gal unha copia do certificado de discapacidade antes do remate do prazo de solicitude. De non enviar este certificado en prazo ou non aportalo no período de emendas, o estudantado afectado concorrerá ao proceso de selección en igualdade de condicións que o resto das persoas solicitantes. No caso de que as prazas reservadas para o estudantado con discapacidade non sexan cubertas por este colectivo, as prazas pasarán á cota xeral.

6.3. En igualdade de condicións terá prioridade na concesión de destino aquel estudantado que non teña realizada unha mobilidade Erasmus+ con anterioridade. Non procederá a asignación de destino nos casos en que o estudantado non teña acreditado o respectivo idioma de docencia da universidade de acollida ou o nivel mínimo esixido por esta. Para o cálculo da media do expediente, conforme o protocolo do SUG, terase en conta o expediente académico da persoa candidata a data 31/10/2025, excluídas as cualificacións correspondentes ao primeiro semestre do curso 2025-2026. No caso do estudantado de máster universitario, terase en conta a cualificación media de admisión ao máster.

6.4. A asignación de destinos corresponde á Comisión de Internacionalización do Centro (en adiante CIC) ou á comisión do centro con competencias en internacionalización e mobilidade.

6.5. Unha vez asignados os destinos, a CIC ou a comisión do centro con competencias en internacionalización publicará unha listaxe provisoria das asignacións e, de ser o caso, do estudantado

suplente. As persoas candidatas disporán dun prazo máximo de 5 días hábiles para presentar reclamacións contra esta lista perante o centro que realizou a asignación. As reclamacións serán resoltas pola mesma comisión e debidamente notificadas ás persoas reclamantes.

6.6. Transcorrido o prazo establecido polo centro sen que se presentase ningunha reclamación ou unha vez resoltas as presentadas, a lista de cada centro adquirirá a condición de definitiva e será remitida á Oficina de Mobilidade, que non admitirá posteriores cambios nos destinos.

6.7. Recibidas na Oficina de Mobilidade as listas definitivas de todos os centros, a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización publicará unha proposta global e definitiva do estudiantado seleccionado e dos seus destinos. Contra esta relación definitiva poderase presentar recurso potestativo de reposición ante o órgano convocante no prazo dun mes desde a súa publicación.

6.8. A adxudicación da praza de mobilidade por parte da USC non implica que a persoa solicitante sexa necesariamente aceptada na institución de destino.

SÉTIMA: ACEPTACIÓNS E RENUNCIAS

7.1. Tras a publicación da proposta global e definitiva, a Oficina de Mobilidade facilitará ao estudiantado seleccionado os formularios de aceptación e renuncia para que, nun prazo de 5 días hábiles, acepte ou rexeite a praza concedida. O estudiantado seleccionado ten a obriga de manifestar en tempo e forma a súa aceptación ou renuncia á praza concedida. A Oficina de Mobilidade poderá esixir ao estudiantado a presentación da documentación orixinal da súa solicitude, se así o considerase necesario, e a aceptación da praza poderá estar suxeita á presentación desa documentación.

7.2. As renuncias que se produzan fóra do prazo establecido e sen causa xustificada debidamente acreditada serán motivo de exclusión en posteriores convocatorias da Oficina de Mobilidade. Aplicarase esta mesma penalización ao estudiantado que non presente a súa aceptación ou renuncia por escrito dentro do prazo establecido.

7.3. A aceptación dunha praza Erasmus+ para o curso completo implicará a renuncia á participación en convocatorias doutros programas de mobilidade da USC para o mesmo período. Este estudiantado será excluído doutras convocatorias da Oficina de Mobilidade ás que concorrese para o mesmo período de tempo, sen prexuízo de que deba presentar tamén a renuncia formal a esa convocatoria. Non obstante, poderá aceptar unha praza Erasmus+ e optar a outra doutro programa de mobilidade dentro do mesmo curso académico se as prazas son para semestres distintos.

OITAVA: OBRIGAS DO ESTUDANTADO SELECCIONADO

8.1. Unha vez aceptada a mobilidade, o estudiantado seleccionado deberá seguir estes pasos:

- i) Contactar co/a CAM correspondente para recibir información sobre a universidade de destino, a súa oferta académica e o recoñecemento académico dos estudos que vai realizar durante o período de mobilidade. Este paso pode ser previo á asignación de destino.
- ii) Completar e enviar á universidade de destino os formularios de candidatura (*application form*) co resto da documentación requirida por esta dentro dos prazos e na forma establecidos pola institución de acollida. Isto é unha responsabilidade exclusiva da persoa candidata.

- iii) Elaborar, co asesoramento do/a CAM, un **acordo de estudos en liña** (*Online Learning Agreement, OLA*), que ten que estar creado e asinado polo/a estudante con data límite de **15 de maio de 2026** para as mobilidades do primeiro semestre ou de curso completo, e de **15 de outubro de 2026** para as mobilidades do segundo semestre. O acordo ten que elaborarse necesariamente a través da plataforma OLA (<https://learning-agreement.eu/>), para o que será facilitado un manual de instrucións no seu debido momento. Nos casos en que a universidade de acollida esixa empregar outro modelo ou ferramenta para a elaboración do acordo de estudos, o estudantado deberá facer igualmente o acordo de estudos a través do OLA.
- iv) Realizar unha proba de avaliación lingüística a través da plataforma *Online Language Support (OLS)* do idioma no que se recibirá a docencia na universidade de acollida antes do comezo da mobilidade e unha segunda proba ao remate da mesma. O estudantado seleccionado será informado debidamente pola Oficina de Mobilidade.
- v) Antes do inicio da mobilidade, a USC e cada persoa seleccionada asinarán un **convenio de subvención** cunhas cláusulas mínimas sobre as condicións da mobilidade, que será facilitado ao estudantado no seu debido momento. O estudantado ten a obriga de cumprimentar, asinar e proporcionar este documento á Oficina de Mobilidade e de conservar unha copia asinada por ambas partes.
- vi) A Oficina de Mobilidade proporcionará a cada persoa seleccionada o correspondente documento acreditativo de ser beneficiaria dunha mobilidade Erasmus+ (**Credencial Erasmus+**) unha vez que o convenio financeiro estea asinado por ambas partes.
- vii) A Oficina de Mobilidade porá a disposición do estudantado seleccionado o modelo de **certificado de chegada** que deberá remitir a erasmus@usc.gal, debidamente asinado e selado pola universidade de acollida, nun prazo de 5 días hábiles desde o inicio da mobilidade.
- viii) O estudantado ten a obriga de realizar na universidade de destino os estudos para os que se lle outorgou a axuda ata o final do seu período de estudos. Se durante o período de vixencia da axuda o/a estudante decide acurtar a súa estadía, deberá comunicalo por escrito ao/á CAM do seu centro na USC e á Oficina de Mobilidade, así como á universidade de acollida. Así mesmo, deberá reintegrar a parte proporcional das axudas recibidas polo tempo que non estivo na universidade de acollida. Nestes casos, o estudantado terá dereito a reincorporarse á docencia na USC sempre que comunique a súa decisión firme de renunciar a un ou ambos semestres de mobilidade antes do remate do prazo de modificación de matrícula establecido na convocatoria de matrícula da USC. Transcorrido ese prazo, non se garante que o estudantado poida reincorporarse á docencia da USC con normalidade.
- ix) Ao remate do período de mobilidade, o estudantado ten a obriga de regresar cunha cualificación, sexa de superación da materia ou de suspenso, para un mínimo do 60% dos créditos incluídos no seu acordo de estudos. O incumprimento desta obriga terá como consecuencia a exclusión do estudantado afectado de calquera outra convocatoria de programas de mobilidade xestionados pola Oficina de Mobilidade. Non obstante, se se acreditase a existencia dun suposto de forza maior que impidise a realización das actividades programadas e a presentación ás probas de avaliación, poderá solicitarse a admisión en futuras convocatorias, sempre e cando o suposto aparecera inmediatamente antes das probas e non se observe unha continuación prolongada da estadía durante a validez deste suposto.

- x) A Oficina de Mobilidade porá a disposición do estudiantado o modelo de **certificado de fin de estadía** que deberá ser cumprimentado, asinado e selado polas persoas responsables da universidade de acollida antes da finalización da estadía. O incumprimento desta obriga implicará a devolución da totalidade da axuda económica recibida. Este certificado orixinal ou asinado dixitalmente deberá ser entregado na Oficina de Mobilidade no prazo dun mes despois de rematar a estadía. O estudiantado cuxa estadía finalice despois do 1 de setembro de 2027 e así conste no certificado de fin de estadía poderá presentar o certificado ata o 30 de setembro de 2027 como data límite.
- xi) O estudiantado ten a obriga de realizar ao finalizar a súa estadía un **informe final** a través da plataforma que a UE ten habilitada para este propósito (*EU Survey*). Este informe é obrigatorio e debe ser cumprimentado nun prazo máximo de 30 días naturais desde a recepción da invitación por correo electrónico.

NOVENA: INFORMACIÓN SOBRE AS UNIVERSIDADES DE ACOLLIDA

A información sobre universidades de destino, estudos a realizar no estranxeiro e o seu recoñecemento académico solicitarase ben a través do/a RIC do respectivo centro ou ben directamente aos/ás CAM de cada praza, segundo se determine en cada centro. Non obstante, é responsabilidade do estudiantado consultar a páxina web da institución de acollida, onde atopará a información máis completa e actualizada en relación aos requisitos mínimos para a aceptación de estudantes de intercambio (p.e. os títulos específicos de linguas e data de caducidade dos mesmos, lingua de impartición das clases, media de expediente académico etc.), así como toda a información que lle facilite directamente a universidade de acollida.

DÉCIMA: ACORDO DE ESTUDOS EN LIÑA (*ONLINE LEARNING AGREEMENT*)

10.1. O estudiantado que resulte seleccionado para participar no Programa Erasmus+ deberá, con carácter previo á súa incorporación á universidade de destino e contando co asesoramento e aprobación do/a seu/súa respectivo/a CAM, formalizar un acordo de estudos a través da plataforma OLA (<https://learning-agreement.eu/>). O acordo de estudos inicial e as súas posibles modificacións son a base do posterior recoñecemento de estudos e deberán ser aprobados polo/a CAM, o/a RIC do centro e a Oficina de Mobilidade en nome da USC, así como pola persoa responsable na universidade de acollida. No seu debido momento, proporcionarase información detallada ao estudiantado seleccionado sobre a elaboración e tramitación do acordo de estudos en liña.

10.2. O acordo de estudos terá carácter vinculante sempre que estea asinado pola USC e a institución de acollida e se cumpran os requisitos establecidos para o intercambio, o plan de estudos do/a estudante e as normas de matrícula e permanencia. O acordo de estudos proposto polo/a estudante e o/a CAM da USC poderá ser rexeitado pola institución de acollida. Se a proposta de acordo de estudos non é aceptada na universidade de acollida, o estudiantado terá que reelaboralo, aínda que xa estea rematado o prazo para a elaboración do mesmo. Unha vez asinado por ambas universidades, non se admitirán a trámite modificacións do acordo de estudos antes da incorporación do estudiantado á universidade de acollida.

10.3. No acordo de estudos incluíranse as materias que se van cursar na universidade de destino (táboa A), así como as materias correspondentes ao plan de estudos que o/a estudante está cursando na USC e cuxo recoñecemento se vai obter como consecuencia da superación daquelas (táboa B).

10.4. O estudantado poderá incluír materias suspensas no acordo de estudos consonte o artigo 21.4 do Regulamento de Mobilidade da USC dispoñible en <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/internacional/mobilidade-estudantes/normativa-mobilidade>. O estudantado poderá cursar en réxime de intercambio tantas materias suspensas como cursos nos que estivera matriculado, sen contar o curso en que vaia realizar a mobilidade. Por exemplo, un/unha estudante matriculado/a en cuarto curso no ano que realice o intercambio podería incluír ata un máximo de tres materias suspensas dos cursos previos, independentemente do número de anos en que teña formalizado matrícula. Non poderá matricularse do resto das materias suspensas, agás que o seu intercambio sexa dun semestre. Neste caso deberá matricularse na USC das materias suspensas do período en que non vaia realizar a mobilidade. As materias que aparecen no expediente como “Non presentado” non forman parte deste cómputo.

10.5. No acordo de estudos poderá figurar un número de créditos baixo a epígrafe “Créditos optativos xenéricos – programa de intercambio”, naqueles casos onde as materias que o estudantado vaia cursar na universidade de acollida non coincidan con materias da súa titulación na USC. Se ben constarán como créditos optativos xenéricos na parte do acordo de estudos correspondente á USC, na parte correspondente á universidade de acollida deberán figurar as materias ou actividades coa súa denominación concreta. O número de créditos optativos xenéricos ten que coincidir exactamente co número de créditos ECTS da materia na universidade de acollida, non podéndose recoñecer por créditos optativos xenéricos os excedentes de créditos das materias cursadas en destino e que sexan recoñecidas contra materias da USC. A modo de exemplo: unha materia de destino de 9 ECTS non poderá ser recoñecida por unha da USC de 6 ECTS máis 3 créditos optativos xenéricos; só se poderán recoñecer os 6 ECTS da materia na USC. Tanto a denominación específica das materias cursadas como os créditos aplicables a cada materia realizada na universidade de acollida deberán figurar na resolución de recoñecemento de estudos.

10.6. As cualificacións trasladadas ao expediente académico serán as que figuren na certificación expedida pola universidade de destino, sen que se poida realizar ningún tipo de ponderación. Non serán recoñecidos estudos que non figuren no acordo de estudos, nin aqueles dos que o estudantado non se matriculara previamente na USC.

10.7. O número de créditos que ordinariamente se incluírán no acordo de estudos é o equivalente a 60 ECTS para un curso académico completo ou o equivalente a 30 ECTS para un semestre. De forma excepcional e debido a circunstancias académicas acreditadas, para mobilidades anuais o estudantado poderá incluír no acordo un mínimo de 40 ECTS e un máximo de 75 ECTS (90 ECTS en programas de simultaneidade). Para mobilidades semestrais, o estudantado poderá incluír excepcionalmente un mínimo de 20 ECTS e un máximo de 36 ECTS (45 ECTS en programas de simultaneidade). Corresponderalle aos centros decidir se concorren as circunstancias académicas para que o estudantado poida incluír no acordo máis ou menos créditos dos ordinarios, sempre respectando os límites máximos e mínimos absolutos recollidos na base 11.3. Independentemente de que a USC permita cursar en mobilidade Erasmus+ máis ou menos créditos dos ordinarios, o acordo de estudos tamén terá que ser aprobado pola universidade de acollida, podendo esta rexeitar que o/a estudante curse alí máis ou menos créditos dos ordinarios.

10.8. O período de estudos poderá incluír unha formación práctica e traballos academicamente dirixidos ou similares, se estes traballos figuran no plan de estudos. Os traballos de fin de grao ou de fin de mestrado poderán defenderse ben na USC, ben na universidade de destino, segundo quede establecido pola regulamentación xeral de traballos de fin de grao/máster da USC e a regulamentación do centro no que estea matriculado o/a estudante.

10.9. O acordo de estudos poderase modificar ata un mes despois do comezo das clases na universidade de destino. A modificación seguirá o procedemento previsto para a elaboración do documento inicial, empregando a plataforma OLA. O estudantado que realice unha estadia de curso completo terá un prazo adicional para a modificación do acordo de cara ao segundo semestre durante o primeiro mes desde o inicio do período lectivo do segundo semestre na universidade de acollida. Neste segundo prazo só se poderán modificar as materias que a universidade de acollida imparta no segundo semestre, quedando expresamente excluídas as impartidas no primeiro.

10.10. Rematado o prazo dun mes, a modificación do acordo de estudos só se autorizará por causas extraordinarias e debidamente xustificadas (por exemplo, o incumprimento das normas de matrícula ou permanencia ou cambios na oferta académica da universidade de acollida).

10.11. Toda modificación do acordo de estudos que afecte ás materias da USC levará aparellada a modificación da matrícula, a cal se fará de oficio, sen prexuízo da obriga do estudantado de verificar que os cambios se levan a cabo correctamente.

DECIMOPRIMEIRA: MATRÍCULA

11.1. O estudantado deberá formalizar a matrícula na USC do total dos créditos incluídos no acordo de estudos dentro dos prazos ordinarios establecidos. A matrícula na USC reportará os prezos públicos que determine o decreto correspondente da Xunta de Galicia e calquera outra norma que sexa aplicable á matrícula ordinaria. A realización do mencionado pagamento de prezos públicos suporá a consideración como estudante da USC para todos os efectos.

11.2. As universidades estranxeiras de destino outorgarán matrícula gratuíta ao estudantado seleccionado pola USC. Polo tanto, este contará con exención de taxas académicas na institución de acollida durante o período de mobilidade acordado. Non obstante, a institución de acollida poderá esixir o pagamento de taxas reducidas para cubrir custos de seguro, afiliación a sindicatos de estudantes e/ou uso de materiais diversos, tales como fotocopias, produtos de laboratorio etc., nas mesmas condicións que os/as estudantes ordinarios/as desa institución.

11.3. Se o período de mobilidade é dun semestre, unicamente se poderá formalizar matrícula para render exame na USC nas materias que non se correspondan co semestre de mobilidade. O estudantado tamén poderá matricular os traballos de fin de grao e mestrado e as prácticas para realízalos na USC sen telos incluídos no acordo de estudos, sempre e cando cumpran os requisitos regulares para facelo. O número máximo de créditos dos que se pode matricular o estudantado sumando as materias incluídas no acordo de estudos e as non incluídas nel é de 75 ECTS como norma xeral e de 90 ECTS en programas de simultaneidade.

11.4. O estudantado seleccionado estará sometido ao réxime de estudos da universidade de destino e disporá das convocatorias de exame que esta teña establecidas. Non obstante, permitiráselle

presentarse aos exames de segunda oportunidade na USC das materias cursadas na universidade de destino sempre que se cumpran todas as seguintes condicións:

- i) Que a materia non se superase na universidade de destino, circunstancia que debe acreditarse no momento da solicitude.
- ii) Que a materia da titulación da USC teña contidos equivalentes aos da materia cursada na universidade de destino. En ningún caso o estudantado poderá presentarse a exame na USC de materias das que estea matriculado/a na universidade de destino e que non existan no plan de estudos da súa titulación na USC.
- iii) Que a guía docente non estableza criterios ou sistemas de avaliación que impidan a superación da materia de xeito independente (por exemplo, sen ter asistido a clase) na segunda oportunidade.

A solicitude de presentación á segunda oportunidade deberá realizarse perante o/a CAM na USC por calquera medio que permita constancia da súa recepción cun mínimo de 30 días antes do período de exames de segunda oportunidade. O/A CAM comprobará que a solicitude reúne os requisitos e remitiraa ao centro con informe favorable ou desfavorable. O/A RIC autorizará ou desestimar a solicitude por calquera medio que permita ter constancia e comunicarao con antelación suficiente antes da avaliación ao/á docente responsable da materia e á persoa interesada. A Unidade de Xestión de Centro e Departamentos (UXCD) de cada centro comunicará á Unidade de Xestión Académica (UXA) correspondente a relación do estudantado que se vai acoller a esta posibilidade para que esta lle retire a condición de estudante de intercambio na acta e que poida ser cualificado/a.

11.5. De xeito complementario ao seguro escolar de subscrición obrigatoria para todo o estudantado da USC, o estudantado seleccionado para unha mobilidade Erasmus+ terá que subscribir o seguro de accidentes e asistencia en viaxe para estudantes que ten establecido a USC, independentemente da existencia de requisitos adicionais impostos pola institución de acollida. A contratación de dito seguro está vinculada á matrícula para o período de intercambio e a póliza poderá ser descargada desde a Secretaría Virtual do estudantado.

DECIMOSEGUNDA: ADMISIÓN NA UNIVERSIDADE DE DESTINO

12.1. Para ser admitido como estudantado Erasmus+ na universidade de acollida, as persoas seleccionadas deberán realizar todos os trámites administrativos que esta determine de acordo coas súas propias normas de organización. Na maioría das universidades de acollida é preciso facer unha solicitude de admisión como estudante Erasmus+ (*Erasmus application form*) con moita antelación ao período de mobilidade. É responsabilidade única e exclusiva do estudantado realizar a súa solicitude de admisión en tempo e forma. Os casos en que o estudantado non sexa admitido por non presentar a súa solicitude en tempo ou consonte as esixencias da universidade de acollida serán considerados renuncias fóra de prazo e implicarán unha penalización para futuras convocatorias de programas de mobilidade xestionados pola Oficina de Mobilidade.

DECIMOTERCEIRA: RECEPCIÓN DAS CUALIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTO DOS ESTUDOS REALIZADOS

13.1. Unha vez finalizada a súa estadía na universidade de destino, o estudantado deberá solicitar do órgano competente nesa universidade a expedición dunha certificación académica orixinal acreditativa

dos estudos realizados, coa denominación das correspondentes materias, os créditos obtidos e a cualificación acadada. No caso de cualificacións emitidas en formato dixital polas universidades estranxeiras, estas só se considerarán válidas nos casos en que se poida comprobar a súa autenticidade por medios electrónicos ou no caso de que sexan enviadas por correo electrónico directamente desde as universidades de acollida ás direccións dos centros ou á Oficina de Mobilidade (aínda que non teñan certificado dixital). Non se admitirán acreditacións electrónicas procedentes en exclusiva do propio estudiantado. É responsabilidade do estudiantado conseguir esa certificación, que é imprescindible para poder realizar o recoñecemento dos seus estudos realizados fóra da USC. A USC non se responsabilizará naqueles casos nos que, debido a unha recepción tardía do certificado académico da universidade de acollida, o estudiantado non poida cumprir con prazos (por exemplo, de admisión en másteres, TFG/TFM, prácticas etc.) do mesmo ou seguinte curso académico.

13.2. Recibida a certificación académica oficial da universidade de destino, a UXCD elaborará a proposta de resolución de recoñecemento de estudos segundo as táboas de equivalencias aprobadas pola USC e remitírala ao/á CAM para a súa conformidade. Posteriormente, a proposta será enviada ao/á decano/a ou director/a do centro para a correspondente resolución, que será trasladada á UXA para que se proceda á súa imputación no expediente académico do/a estudante.

A proposta fixará as materias para as cales se propón o recoñecemento, o número de créditos e as cualificacións acadadas, que en ningún caso poderán ser diferentes das que figuren na certificación académica oficial expedida pola universidade de destino. Desde a UXCD verificarase que se corresponde co recollido no acordo de estudos, coa matrícula formalizada e coa certificación académica oficial da universidade de destino.

13.3. Non serán recoñecidos estudos realizados que non figuren no acordo de estudos, nin daqueles dos que o/a estudante non se matriculase previamente, sen prexuízo de que se poidan facer constar no Suplemento Europeo ao Título (SET).

13.4. Para o recoñecemento e, en especial, para o establecemento da equivalencia de cualificacións, estarase ao disposto na normativa vixente aprobada pola USC.

13.5. A proposta de resolución de recoñecemento de estudos será elevada pola UXCD ao/á decano/a ou director/a do centro para que se emita a correspondente resolución. Esta seralle comunicada á persoa interesada e remitida á UXA correspondente acompañada das certificacións académicas orixinais para a súa custodia no expediente documental do/a estudante e para que proceda á imputación das cualificacións no seu expediente académico. A proposta de resolución de recoñecemento só é vinculante se reúne os requisitos legais, os da convocatoria, os do Regulamento de Mobilidade da USC e os do plan de estudos. As mencionadas cualificacións imputaranse de oficio no citado expediente na primeira convocatoria ordinaria en que se poidan incluír. A resolución de recoñecemento deberá trasladar as cualificacións outorgadas ao sistema español tal como veñen recollidas na certificación emitida pola universidade de acollida.

13.6. O recoñecemento dos estudos queda supeditado ao cumprimento de todas as obrigas por parte do estudiantado Erasmus+. En caso de que o/a estudante teña que devolver parte do importe da axuda recibida, o recoñecemento académico non se tramitará ata que se produza a devolución.

DECIMOCUARTA: RÉXIME XURÍDICO

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela ou Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.3 da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que ditou a presente resolución. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Reitor

Por delegación de competencias (R.R. do 21/04/2022, DOG do 26/04/2022)
A vicerreitora de Titulacións e Internacionalización
María José López Couso

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA JOSE LOPEZ COUSO,
VICERREITORA DE TITULACIONES E INTERNACIONALIZACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA, 26/11/2025 11:33:13.

CSV: 3235-AB64-427D-9217